



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, UN (1) XEFE DE BRIGADA DO CONCELLO DO PORTOMARÍN, EN CUMPRIMENTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DO PORTOMARÍN, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020. ACTUACIÓN BRIGADA DE CINCO COMPOÑENTES.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal, **un (1) xefe de brigada**, en cumprimento do Convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

As funcións do/a traballador/a seleccionado/a serán as establecidas no Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Portomarín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Todo isto sen prexuízo das labores que lles poidan encomendar pola Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

O anuncio de convocatoria publicarase no boletín oficial da provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na súa sede electrónica www.concellodeportomarin.es

2. MODALIDADE DE CONTRATO.

O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

Respecto a xornada dos compoñentes, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: “Que os compoñentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requiridos para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noites necesarias”.

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

- Ter a nacionalidade española.
- Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, o aspirante seleccionado deberá realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

- e) Titulación: O convenio esixe estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
- Enxeñeiro de Montes
 - Enxeñeiro Técnico Forestal
 - Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos
 - Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

4. SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

A solicitude para formar parte do proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello do Portomarín e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello do Portomarín, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na páxina web do concello: www.concellodeportomarin.es

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Permiso de conducir tipo B.
- c) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas de non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, así como declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.
- d) Relación - Anexo III segundo a orde que se establece na base sexta dos méritos que os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada do Concello do Portomarín (Lugo), en horario de 9.00h a 14.00h de luns a venres, poderase así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello do Portomarín, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Portomarín (982545104) ou correo electrónico concellobelen@hotmail.com, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na súa sede electrónica www.concellodeportomarin.es, sinalándose un prazo de dous (2) días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na súa páxina web www.concellodeportomarin.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co disposto nos artigos 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

5. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na sede electrónica www.concellodeportomarin.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.
- Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretaria/o e co visto e prace da/o Presidenta/e.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición:

6.1 Fase de concurso:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en sete (7) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo 5,00 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Portomarín, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta línea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b) Formación. Máximo 1,00 punto.

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

- Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

c) Coñecemento dá Lingua Galega. Máximo 1,00 punto.

Computarase unicamente o grao superior alegado e concederase validez tan só ao cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación.

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

6.2 Fase de oposición:

Realizarase un exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO II, durante un período máximo de 20 minutos. Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos, e as respostas correctas valoraranse cada unha con 1,00 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

7. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e da fase de concurso.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición; se continúa o empate, os que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na súa páxina web www.concellodeportomarin.es a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), elevarase dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A/os aspirantes seleccionada/os deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente a/os aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico - práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, a/os candidata/os propostos para seren contratada/os deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

- Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesada/os, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Portomarín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, actuación dunha brigada de cinco compoñentes.

9. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE XEFE DE BRIGADA DO CONCELLO DO PORTOMARÍN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/a provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na R/
..... nº piso, C.Postal Localidade
Municipio Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Portomarín para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de tres (3) postos de traballo de XEFE DE BRIGADA do Concello do Portomarín en cumprimento do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello do Portomarín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dunha brigada de 5 compoñentes, por un período de tres meses no exercicio 2019.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Portomarín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na súa páxina web www.concellodeportomarin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base sexta.

....., de de 201..

O/A solicitante

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORTOMARÍN



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

ANEXO II - TEMARIO

Tema 1

Concello de Portomarín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio.
Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2

Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).



Concello de Portomarín (Lugo)

Praza do Camiño, 1.

27170.- Portomarín (Lugo)

Tlf: 982545070 Fax: 982545104

www.concellodeportomarin.es

ANEXO III - RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como XEFE DE BRIGADA para a prevención e defensa contra incendios forestais.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

IDIOMA:GALEGO	
CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN	

Data: _____

O/A solicitante

Asdo: _____

En Portomarín, na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde-Presidente,

Asdo. D. Juan Carlos Serrano López

Documento asinado ao marxe electronicamente